

MATERIA
Xestión territorial da paisaxe

unidade
didáctica
2

TITULACIÓN
Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

A consideración tradicional da paisaxe desde a ordenación: espazos naturais protexidos e patrimonio histórico-artístico

Roberto Vila Lage
Valerià Paül Carril

Área de Análise Xeográfica Rexional
Departamento de Xeografía
Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2022

Deseño e maquetación
J. M. Gairí

Edita
Edicións USC
www.usc.gal/publicacions

DOI
<https://dx.doi.org/10.15304/9788419155481>

MATERIA: Xestión territorial da paisaxe

TITULACIÓN: Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. O concepto de paisaxe

A etimoloxía da voz *paisaxe*

A orixe da noción de paisaxe en Oriente e en Occidente

Evolución do significado da paisaxe. O romanticismo como momento fundamental no mundo occidental. A posterior disociación do significado holístico

Novas formas de ollar a paisaxe desde a década de 1970: comprensións integradoras *versus* visións restritivas, a paisaxe na actual ordenación do territorio

A paisaxe desde unha perspectiva xeográfica

A paisaxe na encrucillada disciplinar. Multidiscipliniedade e transdiscipliniedade

Unidade II. A consideración tradicional da paisaxe desde a ordenación: espazos naturais protexidos e patrimonio histórico-artístico

A consideración restritiva da ordenación da paisaxe: a paisaxe como «calidade» de lugares excepcionais.

A paisaxe nas normas de patrimonio. A paisaxe e os monumentos histórico-artísticos. Os contornos monumentais. As paisaxes culturais protexidas ou listadas

Revisión de casos de paisaxe e patrimonio cultural

A paisaxe dos espazos naturais protexidos. A paisaxe e o patrimonio natural.

A paisaxe nos instrumentos tipo plans de ordenación dos recursos naturais.

As paisaxes naturais protexidas ou listadas

Revisión de casos de paisaxe e conservación da natureza

Unidade III. O Convenio Europeo da Paisaxe como marco para a ordenación da paisaxe

O concepto de paisaxe no Convenio Europeo da Paisaxe (CEP)

Análise de cuestións chave do CEP: políticas de paisaxe: protección, xestión e ordenación; a planificación da paisaxe de acordo co CEP

O rol chave da participación pública en materia de paisaxe. Tipoloxía de mecanismos participativos

A adopción do CEP polos estados do Consello de Europa

O CEP en España. As leis autonómicas de paisaxe

O CEP na Galiza: a Lei 7/2008 e a conformación da política galega de paisaxe

Unidade IV. A elaboración de plans de paisaxe e o establecemento de unidades de paisaxe

- Planificación secuencial da paisaxe
- Os obxectivos de calidade da paisaxe e os límites da linguaxe propositiva
- Os catálogos de paisaxe, as directrices de paisaxe e instrumentos análogos en varias comunidades autónomas españolas
- A rexionalización en base á paisaxe: as unidades de paisaxe
- Tipos e unidades de paisaxe
- Escalas das unidades de paisaxe
- O método de traballo *Landscape Character Assessment* (LCA)
- Revisión de experiencias de unidades da paisaxe ao redor do mundo. Foco en España e na Galiza

Unidade V. O desenvolvemento de instrumentos de planificación indicativa e de xestión da paisaxe

- Proxectos, estratexias, estudos, programas e instrumentos análogos en materia de paisaxe
- Os atlas e as cartas da paisaxe en Francia
- Revisión de experiencias de estratexias da paisaxe en varias comunidades autónomas
- Estudos de impacto e integración paisaxística e instrumentos análogos.
- Tipoloxía, con incidencia nas implantacións territoriais relacionadas coa enerxía
- Indicadores en materia de paisaxe
- Revisión de experiencias no mundo de estudos de impacto e integración e indicadores en paisaxe

Unidade VI. O rol da paisaxe nas figuras de planeamento urbanístico e de ordenación territorial

- O alcance da paisaxe no planeamento urbanístico e na ordenación territorial.
- Delimitación entre prácticas
- A introdución de criterios paisaxísticos no planeamento urbanístico. Paisaxe e calificacións urbanísticas: solos urbanos, solos urbanizábeis, solos rústicos e núcleos rurais
- Revisión de experiencias de paisaxe e planeamento urbanístico. Foco na Galiza
- A introdución da paisaxe na ordenación territorial. Paisaxe e sistemas de ordenación territorial: espazos abertos, sistema urbano e infraestruturas
- A paisaxe noutras instrumentos de ordenación territorial
- Revisión de experiencias de comunidades autónomas en materia de paisaxe e ordenación territorial

ÍNDICE

PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

COMPETENCIAS E OBXECTIVOS

Competencias

Competencias específicas

Competencias transversais

Obxectivos

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

CONTIDOS

1. A consideración restritiva da ordenación da paisaxe: a paisaxe como «calidade» de lugares excepcionais
2. A paisaxe nas normas de patrimonio. A paisaxe e os monumentos histórico-artísticos. Os contornos monumentais. As paisaxes culturais protexidas ou listadas
3. Revisión de casos de paisaxe e patrimonio cultural
 - 3.1 A declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial
4. A paisaxe dos espazos naturais protexidos. A paisaxe e o patrimonio natural. A paisaxe nos instrumentos tipo plans de ordenación dos recursos naturais. As paisaxes naturais protexidas ou listadas
5. Revisión de casos de paisaxe e conservación da natureza
 - 5.1 O caso da Ribeira Sacra

ANEXOS

- Anexo 1: Escolma de textos para o seguimento da unidade
- 1.1 A consideración restritiva da ordenación da paisaxe
 - 1.2 A vía «culturalista»
 - 1.3 Vía «naturalista»

BIBLIOGRAFÍA

Lexislación

Recursos en internet

PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

Esta é a segunda unidade didáctica da materia *Xestión territorial da paisaxe*, de carácter obrigatorio no cuarto curso do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio. Se a materia no seu conxunto se dirixe a ofrecer unha casuística da consideración da paisaxe en distintos tipos de planificación, esta unidade en particular incide nos mecanismos clásicos e tradicionais neste sentido, nomeadamente de tipo protector e conservador. Deste xeito, esta unidade escolma particularmente procedementos de traballo coa paisaxe habituais na época previa á sinatura do Convenio Europeo da Paisaxe (CEP) no ano 2000. Porén, perviviron após, coexistindo cos mecanismos renovados derivados do CEP que se tratan sobre todo nas unidades terceira a quinta. Así, a continuidade post-2000 das políticas de paisaxe anteriores ao CEP é unha das razóns que motivan a formulación desta unidade.

A inclusión dunha materia exclusivamente destinada á paisaxe no Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio é unha decisión tomada a finais dos anos 2000 e persistiu na memoria redactada en 2018 para a súa segunda edición. Tendo en conta que o primeiro curso no que se impartiu foi o 2012-2013, conta cunha década de experiencia acumulada. A materia resulta coherente coa historia da disciplina xeográfica e coas actuais necesidades formativas en ordenación do territorio. Dunha banda, a consideración da paisaxe forma parte do mellor da historia científica da xeografía. Por poñer un exemplo altamente revelador, un dos persoeiros considerado «pai» da xeografía moderna, Alexander von Humboldt (Berlín, 1769-1859), situou a paisaxe no centro da súa reflexión. Doutra banda, a paisaxe constitúe na actualidade un argumento central nos documentos de planificación territorial e urbanística, así como nas estratexias de desenvolvemento local e territorial; deste xeito, devén fundamental para o desenvolvemento das destrezas laborais en xeografía que o alumnado comprenda plenamente o significado da paisaxe e dea distinguido que engade esta na ordenación e xestión territoriais, en particular diferenciándoa de conceptos concomitantes como medio ambiente ou territorio. Por estas razóns, a materia ofrece un equilibrio entre contidos de tipo teórico-conceptual, dunha banda, e aspectos metodolóxicos e prácticos, da outra.

A unidade didáctica II sitúase nun primeiro momento dentro do programa, inmediatamente despois de que na unidade didáctica I o alumnado dea comprendidas as coordenadas teóricas básicas do concepto central da materia. A segunda das unidades recolle as dúas grandes vías de protección da paisaxe previas á transformación introducida polo CEP nesta materia: a «culturalista» e a «naturalista». No entanto, esas dúas vías, como se avanzaba máis arriba, non desapareceron senón que se manteñen desde o ano 2000, polo que resulta pertinente a súa abordaxe ao comezo da materia en tanto que conectan a tradición da planificación da paisaxe desde o século XIX coa actualidade. Posteriormente, na unidade III, abórdase o CEP e a súa visión rompedora cando menos en dúas direccións: dunha banda, a consideración paisaxística do conxunto do territorio, a diferenza da concepción tradicional que limitaba a paisaxe a determinados lugares considerados excepcionais, tal e como se verá na unidade II; da outra, a superación das políticas e dos plans paisaxísticos centrados exclusivamente na protección, para

englobar as lóxicas de xestión e ordenación da paisaxe nos sentidos dados polo CEP. A unidade IV céntrase nas prácticas de planificación de paisaxe, sobre todo de tipo vinculante, incluíndo o establecemento de unidades de paisaxe. A unidade V refírese a outros instrumentos de ordenación da paisaxe de tipo indicativo, como son as cartas da paisaxe, os indicadores paisaxísticos, etc. Finalmente, a unidade VI trata, ao igual que a unidade II, outra tradición de políticas da paisaxe, se ben neste caso é urbanística. Asemade, revisa a incorporación da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial propiamente ditos.

COMPETENCIAS E OBXECTIVOS

Competencias

De acordo coa memoria do título, cabe distinguir catro tipos de competencias específicas e catro de competencias transversais. Nesta unidade didáctica desenvolveranse as seguintes:

Competencias específicas

- Disciplinares
 - CED1. Historia e pensamento da disciplina xeográfica
 - CED2. Espazos xeográficos rexionais
 - CED3. Xeografía Humana
 - CED4. Xeografía Física
- Profesionais
 - CEP1. Utilizar a información xeográfica como instrumento de interpretación da paisaxe.
 - CEP2. Combinar as dimensións temporal e espacial na explicación dos procesos paisaxísticos.
 - CEP3. Relacionar e sintetizar información transversal para traballala nun sentido paisaxístico.
 - CEP6. Expresar información de paisaxe cartograficamente.
- Académicas
 - CEA1. Coñecer, comprender e interpretar a paisaxe.
 - CEA2. Interrelacionar o medio físico e ambiental coa esfera social e humana no seo dun enfoque paisaxístico integral.
 - CEA3. Interrelacionar as paisaxes a distintas escalas territoriais.
 - CEA4. Explicar a diversidade de paisaxes.

- CEA5. Analizar e interpretar as paisaxes.
- CEA6. Xerar sensibilidade e interese polos temas paisaxísticos.
- Outras
 - CEO1. Ordenar e sintetizar información ao redor da paisaxe.
 - CEO2. Exposición e transmisión dos coñecementos xeográficos, en particular en materia de paisaxe.
 - CEO3. Entender os problemas de paisaxe de forma multidimensional.
 - CEO4. Xestionar a complexidade en materia de paisaxe.
 - CEO5. Ofrecer explicacións sinxelas, mediante argumentos paisaxísticos, a problemas complexos.
 - CEO6. Capacidade de entender a linguaxe e as propostas doutros especialistas en materia de paisaxe.

Competencias transversais

- Instrumentais
 - CTT1. Capacidade de análise e síntese.
 - CTT2. Capacidade de organización e planificación.
 - CTT3. Coñecemento dunha lingua estranxeira.
 - CTT4. Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo.
 - CTT5. Capacidade de xestión da información.
 - CTT6. Resolución de problemas.
- Persoais
 - CTP1. Traballo en equipo.
 - CTP2. Traballo nun contexto internacional.
 - CTP3. Habilidades nas relacións interpersoais.
 - CTP4. Recoñecemento á diversidade e a multiculturalidade.
 - CTP5. Razoamento crítico.
 - CTP6. Compromiso ético.
- Sistémicas
 - CTS1. Aprendizaxe autónoma.
 - CTS2. Adaptación a novas situacións.
 - CTS3. Creatividade.
 - CTS4. Coñecemento doutras culturas e costumes.

- CTS5. Motivación pola calidade.
- CTS6. Sustentabilidade cara a temas ambientais.
- Outras
 - CTO2. Habilidades de investigación.
 - CTO3. Capacidade de comunicarse de maneira efectiva.
 - CTO5. Responsabilidade.
 - CTO6. Actitude sistemática de coidado e precisión no traballo.

Obxectivos

Xestión territorial da paisaxe é unha materia que no fundamental persegue que o alumnado acade os contidos básicos no campo da planificación e xestión da paisaxe, tanto teóricos como de práctica aplicada de tipo técnico e metodolóxico. De acordo co programa aprobado para o curso 2021/2022, os obxectivos xerais da materia son os seguintes:

1. Coñecer as principais achegas teóricas en materia de paisaxe, que explican a súa evolución conceptual.
2. Identificar e exercitar as distintas modalidades de planificación e xestión da paisaxe.
3. Aprender a utilizar o CEP como marco de referencia en materia de paisaxe.
4. Practicar distintas metodoloxías e técnicas de traballo en planificación e xestión da paisaxe, en particular o establecemento de unidades.
5. Reactivar coñecementos e métodos propios da Xeografía para aplicalos nunha abordaxe transversal da paisaxe.
6. Recoñecer as distintas aproximacións á paisaxe para integrarse en equipos multidisciplinares.

O obxectivo básico desta unidade didáctica II é aproximarse á consideración tradicional das políticas da paisaxe, cinguidas a determinadas prácticas de tipo protector e conservador circunscritas a territorios ben delimitados, que tenden así a actuar no territorio como «illas». Desta formulación xenérica, derivanse unha serie de obxectivos específicos para a unidade:

- Comprender a consideración tradicional das políticas de paisaxe desde finais do século XIX, vencellándoa coa teorización da época, así como coas primeiras solucións legais (parque, monumento, etc.).
- Identificar a relación de paisaxe e patrimonio, tanto natural como cultural.
- Coñecer a figura de paisaxe cultural e analizar a súa aplicación no ámbito internacional, español e galego.
- Identificar a relación entre paisaxe e espazos naturais protexidos.
- Pescudar o xerme dos parques nacionais e valorar os argumentos para a súa declaración.
- Coñecer a figura de paisaxe protexida e analizar a súa aplicación no ámbito internacional, español e galego.

- Manexar a lexislación española e galega relacionada coa protección das paisaxes.

Os sete obxectivos específicos van fundamentalmente encamiñados á consecución dos obxectivos xerais 1 e 2. Porén, en menor medida tamén se corresponden cos obxectivos xerais 5 e 6.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PROPOSTAS

A unidade didáctica desenvólvese mediante dous tipos de metodoloxías docentes. Dunha banda, a exposición maxistral dos contidos básicos do tema por parte do docente, que ocupará unhas 6 horas. Da outra, o traballo do alumnado, que será tanto individual como grupal, para o cal se prevén un total de 10 horas. Dentro da programación temporal da materia estímase que se comezará con esta unidade didáctica na terceira semana do curso, abarcando un total de tres semanas para a súa consecución: tres clases expositivas (dúas horas semanais) e tres interactivas (unha hora semanal).

As aulas expositivas pretenden achegar os contidos principais da unidade que o alumnado debe coñecer e comprender, no fundamental revisando casos de interese, mais tamén con aspectos de tipo teórico-conceptual. Nestas sesións, e para promover a participación activa do alumnado, formularanse cuestións de forma regular para suscitar o debate e para deducir en todo momento en que punto se atopa o grupo no proceso de aprendizaxe. Deste xeito, preténdese matizar o carácter expositivo xeral destas aulas con mecanismos de tipo interactivo. Outra dinámica fundamental nesta unidade será a consulta de recursos en internet. Estes recursos (artigos en aberto, lexislación, plans, imaxes, mapas, etc.) poderán atoparse no Campus Virtual.

Aínda que se utilizarán diapositivas dixitais como recurso didáctico, primarase durante estas 6 horas o traballo cunha escolma de textos seleccionados. Esta escolma incluírá non só documentos legislativos claves, senón tamén textos orientados á análise e valoración deses desenvolvementos normativos. No Anexo 1 achégase unha posíbel escolma neste sentido. A escolma de textos estará dispoñíbel ao principio da unidade no Campus Virtual (<http://www.usc.es/campusvirtual/>), de xeito que o alumnado a poderá obter de forma doada.

O traballo autónomo do alumnado ten unha grande importancia para esta unidade na medida en que este debe ser capaz de ler os textos que se faciliten fóra da aula, nomeadamente da escolma, e completar o traballo grupal formulado na aula. A previsión horaria máxima é de 7 horas. Deste xeito, preténdese que na aula propiamente se oriente o tempo ao debate e ás cuestións que non fiquen claras deses textos, e non a revisar os seus contidos, que deben estar lidos para daquela.

A nivel grupal, o traballo consiste no debate e intercambio de opinións na aula e na realización dunha presentación. Aproximadamente, resérvanse 3 horas para este traballo grupal na aula.

Como **actividades** concretas que se pretenden realizar no desenvolvemento da unidade didáctica, propóñense as seguintes:

- Análise grupal pautada de espazos naturais protexidos concretos con categoría paisaxística, previamente seleccionados. Esta actividade culminará cunha breve exposición na que se expresen os consensos alcanzados.
- Exposición grupal acerca dun espazo natural protexido escollido libremente. Nunha guía orientativa pendurada no Campus Virtual recolleranse as indicacións relativas ao seu desenvolvemento.
- Debates consecutivos sobre os textos que se vaian traballando na aula ou que se pidan ler fóra dela. En particular, prevemos debater na aula sobre: o *Plan Nacional de Paisaxe Cultural*, a listaxe de Bens de Interese Cultural (BIC) galegos, os fundamentos dos parques nacionais españois e os espazos naturais protexidos declarados na Galiza.

Para facilitar a aprendizaxe, todas estas actividades poderán ser apoiadas mediante titorías en liña a través do correo electrónico, nas cales se poden formular dúbidas, problemas, cuestións, etc. que xurdan durante o proceso de ensino-aprendizaxe. Asemade, o docente estará dispoñíbel para o alumnado nas horas de titoría establecidas.

En total, en termos de ECTS, as actividades formativas desta unidade supoñen ao redor de 16 horas. Dado que a materia ten unha previsión de 150 horas segundo a memoria do título aprobada en 2018, as 16 horas están ben dimensionadas nun conxunto formado por seis unidades e mais outras actividades da materia non directamente atribuíveis a ningunha desas unidades (dúas saídas de campo, realización dos exames, estudo individual fóra das aulas de preparación para o exame final, etc.).

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A avaliación terá lugar ao longo do desenvolvemento da unidade didáctica (procesual) e ao seu remate (final). Non se prevé unha avaliación inicial específica para esta unidade, dado que está engarzada dentro da secuencia de aprendizaxe e a información sobre as ideas previas e mais os coñecementos anteriores do alumnado será obtida ao comezo da materia.

No que fai á avaliación procesual, consistirá nas preguntas continuas no marco do desenvolvemento docente e no seguimento das actividades propostas. En relación coa presentación na aula, para a avaliación teranse en conta os seguintes criterios concretos:

- Contidos organizados e estruturados.
- Claridade na exposición.
- Grao de afondamento.
- Capacidade crítica e valorativa.
- Grao de elaboración persoal.
- Capacidade de atracción ao/á oínte.
- Uso intelixente das tecnoloxías.
- Discurso, oratoria e xestualidade na exposición.
- Duración adecuada da exposición.

As observacións efectuadas en relación con estas actividades serán tidas en conta no 30 % da avaliación da materia baseada nos traballos prácticos consecutivos. Desa porcentaxe o 85 % corresponderá ao traballo grupal e o 15 % restante á participación activa. Para acadar a máxima puntuación neste último ítem o alumnado ten que involucrase nas actividades propostas polo docente, intervir regularmente e mostrar unha actitude respectuosa e colaborativa cos seus compañeiros e compañeiras. Non se poderá superar a materia se estas actividades, como outras correspondentes ao resto das unidades didácticas, non foron realizadas no marco das aulas definidas como interactivas.

Doutra banda, a avaliación desta unidade didáctica realizarase de forma conxunta co resto das unidades didácticas contidas no programa xeral da materia a través dun exame final. Nesta proba as cuestións non serán unicamente relativas a coñecementos de tipo memorístico, senón que se dirixirán tamén a amosar a capacidade de razoamento e demostrar que se acadaron habilidades práctico-metodolóxicas desenvolvidas, por exemplo, a avaliación de plans de paisaxe xa aprobados, as propostas en materia de paisaxe, etc. Este exame puntúa un 50 % da cualificación final.

O alumnado que non supere a materia na primeira convocatoria terá dereito a afrontar a segunda. Nesta segunda oportunidade, e dado que non se pode producir avaliación continua, todas as competencias serán obxecto de avaliación mediante un exame.

CONTIDOS

1. A consideración restritiva da ordenación da paisaxe: a paisaxe como «calidade» de lugares excepcionais

Nun balance europeo, Priore (2002: 92) explica que a paisaxe abordouse antes do ano 2000 por parte dos estados de forma «elitista», primando «unha concepción xurídica moi limitada da noción [...] que, por outra parte, se refería unicamente á súa dimensión obxectiva».¹ Así, a maior parte do territorio era unha sorte de «non paisaxe» (Priore, 2002: 92) e só determinadas «illas» acadaban unha consideración paisaxística. Priore (2002) explica para o conxunto de Europa, e Mata (2006) confirma para o caso particular de España, que a casuística se reducía a perímetros considerados significativos desde unha perspectiva naturalista, por un lado, ou desde unha concepción histórico-cultural, polo outro. No sucesivo denominaremos «vías» a estas dúas perspectivas, malia que poida considerarse un xeito de chamarlles simplista.

Na unidade seguinte afondarase nesta cuestión, mais cómpre subliñar de entrada que na actualidade a definición de paisaxe de referencia, proposta no Convenio Europeo da Paisaxe (CEP) do ano 2000, implica abranguer todo o territorio e non só os lugares excepcionais. Deste xeito a paisaxe pasar a ser tamén unha calidade das contornas da vida cotiá, sendo necesario estender a xestión paisaxística

¹ Esta e as seguintes traducións ao galego son nosas.

ao conxunto do territorio (Mata, 2021). A pesar diso, convén advertir de entrada que estas «vías», a naturalista-ambiental e a histórico-cultural, non desapareceron desde a súa aprobación, senón que seguiron vixentes e actuando en paralelo². Así, na actualidade atopamos no noso contexto a acción no territorio dun ministerio, ou dunha consellería, en materia de Medio Ambiente e doutro, e doutra, en materia de Cultura (as denominacións respectivas poden ir cambiando). E pode chegarse a producir o caso de que un mesmo ámbito sexa protexido por ambas as dúas administracións, nun solapamento bastante habitual, aludindo á paisaxe. É o que explicou Mata (2006) en relación co caso do Lago de Seabra xa na época franquista. Porén, o propio caso seabrés amosa que a «vía» naturalista acabou tendo moita forza, pois ese lugar é na actualidade moi coñecido, sobre todo, por ser un Parque Natural, oficialmente denominado «Lago de Sanabria y Sierras de Segunde[i]ra y Porto». Deste xeito, a revisión das dúas «vías» constitúe unha sorte de antecedentes na materia de estudo, mais, ao mesmo tempo presenta actualidade. Permite, en fin, evidenciar unha das contradicións inherentes á práctica da Ordenación do Territorio no actual contexto, caracterizada pola superposición de políticas sectoriais — neste caso, ambientais/naturais e culturais/histórico-monumentais— especialmente inadecuada cando se trata de paisaxe.

Asemade, tal e como se viu na revisión teórico-conceptual desenvolvida na unidade I, e como desde logo recolle o CEP, a paisaxe non se pode entender, tan só, como unha realidade obxectiva. Deste xeito, na actualidade calquera aproximación á paisaxe pasa pola súa dimensión subxectiva, sen negar o que poida ter, tamén, de obxectiva.

Nos seguintes apartados realizarase unha revisión do xurdimento de cada visión particular. Para iso, analizaranse os marcos internacionais aplicábeis e as disposicións normativas principais a escala galega e española. Ademais, proporcionarase un armazón teórico que permita contextualizar criticamente todos estes desenvolvementos.

2. A paisaxe nas normas de patrimonio. A paisaxe e os monumentos histórico-artísticos. Os contornos monumentais. As paisaxes culturais protexidas ou listadas

A relación do patrimonio coa paisaxe é histórica (Gómez Mendoza, 2013), mais o patrimonio non é algo do pasado, senón que está vinculado co presente e coa continua transformación dos valores e das identidades (Davallon, 2002; Fernández Salinas e Silva, 2016). De cheo na tese «invencionista» inaugurada por Hobsbawm (1983), debemos entender o patrimonio como unha continua selección do pasado que se efectúa desde o presente, para as elites políticas tentaren enraizar este segundo no primeiro. A protección de determinadas paisaxes, co seu inherente

² Por poñer un exemplo, a lexislación galega contén unha lei de patrimonio natural (Lei 5/2019) e outra de patrimonio cultural (Lei 5/2016). Resulta obvio que ambas as dúas se refíren a patrimonio pero que conteñen tamén disposicións relativas a monumentos e a paisaxe, ambos adxectivados. Sen entrar no fondo do asunto da falaz división entre «natural» e «cultural», en materia de paisaxe este solapamento conduce a absurdos maiúsculos.

proceso de patrimonialización, implica seleccionar aquelas que contan cun alto interese identitario ou histórico (Silva e Fernández Salinas, 2017; Mata, 2021). De acordo con Choay (1992), a idea de patrimonio aplicada a determinados edificios aos que se lle comezan a atribuír valores históricos, artísticos, monumentais, etc. aparece na Roma de finais da idade media, cando durante o período do Papa Martiño V tenta enlazarse o Papado co pasado imperial romano decaído un milenio antes.

Durante o século XX comezaron a desenvolverse iniciativas, cun claro carácter eurocéntrico (Gómez Mendoza, 2013), que estableceron as bases da protección pola vía «culturalista» das paisaxes. É o caso da Conferencia de Atenas (1931) ou da Carta de Venecia (1964). Con todo, desde o punto de vista internacional, este proceso está claramente marcado pola figura de Patrimonio Mundial promovida pola UNESCO desde 1972. Nese momento a paisaxe non tiña unha clase propia, mais atopábase implicitamente recollida mediante o concepto de «sitio» ou «lugar» (Carrión, 2015; Mata, 2021). En 1992, incorporouse ao marco do Patrimonio Mundial unha categoría específica denominada «paisaxes culturais»³. Trátase dunha resignificación do concepto homónimo proposto por Sauer (1925) e que foi traballado na unidade didáctica I: se para Sauer (1925) «paisaxe cultural» é unha categoría académica que se pode referir a practicamente calquera parte do mundo na que haxa evidencias do paso de civilización/s e/ou cultura/s, para a UNESCO, ten un carácter selectivo e alude a unhas determinadas posibilidades (xardíns históricos, lugares con moita significación espiritual/relixiosa, etc.), para as que hai que demostrar o chamado «valor universal excepcional» (Fernández Salinas e Silva, 2016).

As listaxes como as de Patrimonio Mundial non están exentas de críticas. Por exemplo, considérase que a procura de representatividade non é máis que un intento de acadar un artificial equilibrio tipolóxico, que existe unha marcada preponderancia da cultura occidental (Choay, 1992) ou que «con excesiva frecuencia, mundialización e mercantilización conducen á banalización» (Gómez Mendoza, 2013: 17).

Tal como recolle Mata (2021) esa noción restritiva de paisaxe cultural foi trasladada en España mediante o *Plan Nacional de Paisaxe Cultural*. Trátase dun documento indicativo, aprobado polo Goberno de España no ano 2012, que procura sentar as bases para a xestión e protección de paisaxes de alto interese cultural. De feito, trátase dun habitual intento de laminación competencial da Administración Xeral do Estado, pois as comunidades autónomas deteñen competencias en materia de patrimonio cultural, paisaxes culturais incluídas.

Desde un punto de vista legislativo, en España cómpre destacar a *Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español*. Trátase dunha norma básica que non recolle directamente o termo *paisaxe*, pero que si inclúe outros que polas súas características se poden asemellar a ese concepto (por exemplo, «sitio histórico»). Mención á parte merece a idea de «contorna» dos bens de interese cultural (BIC) declarados baixo o paraguas da Lei 16/1985, a cal é considerada «inseparábel» dos bens mesmos e pode presentar un sentido paisaxístico (Mata, 2006).

³ O propio concepto é unha tautoloxía, todas as paisaxes son culturais por definición.

Na normativa autonómica, si que se incorpora nalgunhas ocasións o termo «paisaxe cultural» (Mata, 2021). É o caso de Cantabria, La Rioja, Región de Murcia, Comunidad de Madrid, Canarias ou Galiza. Neste último caso, a *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia* inclúe entre as categorías dos bens inmobles de interese cultural a de paisaxe cultural, referíndose a esta do seguinte xeito:


O lugar identificable por un conxunto de cualidades culturais materiais e inmateriais singulares, obras combinadas da natureza e o ser humano, que é o resultado do proceso da interacción e interpretación que unha comunidade fai do medio natural que o sustenta e que constitúe o soporte material da súa identidade. (Artigo 10.1.h)

3. Revisión de casos de paisaxe e patrimonio cultural

Na actualidade hai un total de 119 sitios declarados pola UNESCO como Patrimonio Mundial coa categoría de paisaxe cultural repartidos entre 65 países (Figura 1). En España atópanse sete: Pireneos-Monte Perdido, Aranjuez, Serra de Tramuntana, Risco Caído y Montañas Sagradas de Gran Canaria, e Paseo del Prado y Buen Retiro.

En Galicia hai un total de nove BIC catalogados como paisaxe cultural: Ribeira do Lézrez desde as Xunqueiras até As Aceñas, Carballeira de Caldas de Reis, Monte Lobeira, Comarca eumesa, Serra dos Ancares, Chelo, Lugares de Padrón e Iria Flavia, Arquipélago de Sálvora e Ribeira Sacra. Só os dous últimos foron declarados baixo esta denominación, ambos en 2018. Os sete restantes foron incluídos na listaxe durante o franquismo baixo a denominación de «paraxe pintoresca».

Figura 1. Evolución do número de sitios declarados Patrimonio Mundial dentro da categoría de paisaxes culturais*



* Rexionalización empregada pola UNESCO

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da UNESCO (<https://whc.unesco.org/en/list/?search=&themes=4&order=country>) [Citado 22 marzo 2022]

3.1 A declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial

Ao longo desta unidade empregaremos a Ribeira Sacra como un exemplo para reflexionar sobre a protección polas vías «culturalista» e «naturalista». A paisaxe da Ribeira Sacra caracterízase por un patrón conformado polos seus encaixados vales do canón, polos socialcos (e a coñecida como «viticultura heroica») e pola presenza de edificios relixiosos, nomeadamente mosteiros; no entanto, a superposición destes tres elementos non é perfecta, o que desemboca nunha tensión territorial e paisaxística (Paül, Trillo Santamaría e Vila Lage, 2018). Logo dun complexo proceso, no ano 2018 foi declarada como BIC⁴, dentro da categoría de paisaxe cultural (Figura 2). Esta declaración non estaba contemplada como unha fin en si mesma, senón como paso necesario para a arelada declaración como patrimonio da humanidade pola UNESCO.

En efecto, desde o ano 1996 a Ribeira Sacra está incluída na «listaxe tentativa» para formar parte do Patrimonio Mundial da UNESCO dentro da categoría de paisaxe cultural. España conta nestes momentos con 31 elementos propostos⁵, sendo este o máis antigo. No ano 2013 a candidatura reactivouse, sufrindo un importante revés en 2021 cando o Consello Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS) foi moi crítico na súa avaliación: presenza de encoros e parques eólicos, reforestacións, falta de veracidade no relato vinculado ao seu carácter «sagrado», ausencia dunha proposta de «valor universal excepcional», etc. Tal como se recolle en Paül, Trillo Santamaría e Vila Lage (2018) a Ribeira Sacra é un exemplo dun proceso de patrimonialización acelerada dunha paisaxe que se realiza, sobre todo, para tentar impulsar o turismo nesta área, mesmo en espazos onde a intensidade e densidade patrimonial (Fernández Salinas e Silva, 2016) é moi baixa.

⁴ Decreto 166/2018, do 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181231/AnuncioG0535-281218-0001_es.html) [citado 25 marzo 2022]

⁵ Listaxe dispoñíbel en <http://whc.unesco.org/en/tentativelists/state=es> [citado 25 marzo 2022]

Figura 2. Mapa da proposta de BIC Ribeira Sacra (2017)



Fonte: Otero Varela et al. (2018: 139)

4. A paisaxe dos espazos naturais protexidos. A paisaxe e o patrimonio natural. A paisaxe nos instrumentos tipo plans de ordenación dos recursos naturais. As paisaxes naturais protexidas ou listadas

Para comprendermos o desenvolvemento da «vía naturalista» en materia de protección da paisaxe é preciso trasladarse aos Estados Unidos a finais do século XIX coa creación dos parques nacionais como categoría de protección da natureza (en 1872 declarouse o parque de Yellowstone e en 1890, o de Yosemite). Xa existe abundosa investigación como para demostrar que esta declaración non se fixo coa vontade de conservar a natureza, senón sobre todo ligada ao nacionalismo dos Estados Unidos e á nacente industria turística (Depraz, 2008). Esta figura chegou a Europa pouco despois, declarándose os primeiros en 1909 en Suecia (Mollá, 2016). No caso de España, no ano 1918, con poucos meses de diferenza, creáronse os parques de Covadonga (logo, Picos de Europa) e Ordesa. Este foi o resultado da promulgación dous anos antes da breve *Lei do 7 de decembro de 1916, de parques nacionais de España*, a primeira do mundo nesta materia (Troitiño et al., 2005).

O eixo central destas figuras era a paisaxe e o seu simbolismo, especialmente a de carácter montañoso ou a forestal, tinguida dunha evidente concepción romántica (Gómez Mendoza, 1998; Mata, 2002). A denominación de «nacional» (e

non «natural», por exemplo) ilustra de xeito explícito o vencello entre a paisaxe e nacionalismo (Nogué, 2005; Depraz, 2008). Unha mostra é o caso de Covadonga. Alén do feito de que o ámbito territorial constituía unha reserva de caza e que estaba ben valorado por parte dos escaladores, que coñecían o agreste das montañas, en realidade a declaración estivo fundamente motivada pola figura de Pedro Pidal, marqués de Villaviciosa, entusiasta naturalista e excursionista, que teimou pola declaración do parque baseándose, sobre todo, en argumentos de tipo patriótico. A lei de declaración non deixa lugar a dúbidas, pois nela aparecen tanto o suposto duodécimo centenario da batalla de Covadonga, como o nomeamento do parque nacional en si (Gómez Mendoza, 1998; Mata, 2002; Mollá, 2007). Como acontecera nos Estados Unidos, parques nacionais e construción ideolóxica da nación están intimamente relacionados e non se poden entender o un sen o outro.

O segundo parque nacional chegou un mes despois da creación do de Covadonga: foi o parque do val de Ordesa, cabeceira do río Ara. Escolléronse deste xeito dous espazos diferentes que se consideraban respectivamente o «Olimpo» e o «Paraíso» da nación, en transparentes cualificacións de Pidal (Gómez Mendoza, 1998).

Alén destes dous espazos, o Estado non deu declarados máis parques nacionais até os anos 1950. Gómez Mendoza (1998) sinalou que a gran diferenza cos Estados Unidos é a propiedade da terra: mentres que en Norteamérica o goberno federal puido dispor ao seu antollo do espazo, en España o goberno, moito máis débil, tivo abondas dificultades administrativas cos propietarios e cos concellos.

Á incapacidade da administración para traballar coa propiedade privada en ambos os dous ámbitos, engadiuse a escaseza endémica de fondos que impedía nin pensar na expropiación de terras. O resultado foi que a finais dos anos 1920 promulgouse unha nova normativa pola que se declaraban novas figuras de protección, os sitios e os monumentos naturais de interese nacional, que tan só tiñan efectos honoríficos e, polo tanto, eran moito máis doados de manexar cós parques nacionais (López Ramón, 2013). Co paso dos anos esa idea romántica dos parques nacionais inicial foi cambiando⁶ e os obxectivos ecolóxicos e biolóxicos foron gañando peso (Mata, 2021).

A categoría de paisaxe protexida recolleuse na primeira listaxe de áreas protexidas da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (IUCN, polas súas siglas en inglés) creada en 1978. Esa listaxe, que procura establecer analoxías entre as áreas protexidas de todo o mundo (Atauri, 2006), actualizouse no ano 1994 mais continuou a incluír a figura de paisaxe protexida dentro da categoría V. A súa definición a seguinte:

⁶ Con todo, o carácter simbólico vinculado á identidade española segue presente. Son identificados como un «lugar de asociación» (Martínez de Pisón, 2018) representativo das paisaxes máis destacadas do Estado español e como o último vestixio das competencias estatais en conservación da natureza. Unha proba disto é o «terremoto normativo» (Guillén, 2016: 180) das últimas décadas derivado da disputa competencial entre o Goberno central e as comunidades autónomas pola súa xestión.

Un área protexida na que a interacción entre os seres humanos e a natureza produciu unha área de carácter distintivo con valores ecolóxicos, biolóxicos, culturais e estéticos significativos; e na que salvagardar a integridade de dita desa interacción e vital para protexer e manter a área, a conservación da súa natureza e outros valores. (Dudley, 2008: 25).

A figura de paisaxe protexida está recollida tanto na *Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e a biodiversidade*, como nas correspondentes leis autonómicas (coa excepción do País Vasco). En moitos casos é unha mera transcripción da definición de paisaxe protexida que xa aparecía recollida na derogada *Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre*. Non obstante, como recolle Mata (2021), un aspecto importante é a progresiva incorporación dos instrumentos de xestión da paisaxe previstos no CEP (véxase a unidade II). A pesar destes avances, a implantación da figura de paisaxe protexida en España é escasa. A categoría V da IUCN incluíría tres cuartas partes das áreas protexidas españolas (Paül, Araújo e Fráiz, 2011), mais as denominadas como paisaxes protexidas supoñen só o 3,2 % da superficie total dos espazos naturais protexidos terrestres (Figuras 3 e 4).

No caso galego a normativa vixente é a *Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia*. A pesar de que a figura de paisaxe protexida xa se atopaba na anterior lei do ano 2001, desde entón só se declararon dous espazos naturais protexidos deste tipo: Penedos de Pasarela e Traba, e o Val do río Navea. Na definición do concepto de paisaxe protexida das dúas leis pode observarse a súa adecuación aos ideais do CEP. No entanto, non se pode esquecer que as paisaxes protexidas galegas decláranse pola lei de espazos naturais protexidos, e non pola de paisaxe.

5. Revisión de casos de paisaxe e conservación da natureza

No ano 2022 existen en España un total de 61 paisaxes protexidas (Figura 3). Destaca o caso de Canarias, que conta case a metade (27). Pola contra, en cinco comunidades autónomas non hai ningunha paisaxe protexida declarada como tal (Cantabria, Comunidad de Madrid, Catalunya, Illes Balears e La Rioja).

Figura 3. Listaxe de paisaxes protexidas (2022)

| | | | |
|-----------|---|----------------------|---|
| Andalucía | Corredor Verde del Guadlamar Río Tinto | Castilla y León | Covalagua Las Tuerces |
| Aragón | Fozes de Fago y Biniés Pinares de Rodeno San Juan de la Peña y Monte Oroel Sierra de Santo Domingo | Castilla-La Mancha | Chorrera de Horcajo Desembocadura del Millars La Sierra Escalona y su entorno La Solana del Benicadell |
| Asturias | Cabo Peñas Cuencas Mineras | Comunitat Valenciana | Les Sorts Puigcampana y Ponotx Serpis Serra del Maigmó y Serra del Sit Sierra de Bernia y Ferrer |
| Canarias | Barranco de Erques Barranco de las Angustias Costa de Acentejo Fataga Ifonche La Geria La Isleta La Resbala Las Cumbres Las Lagunetas Lomo Magullo Los Acantilados de La Culata Los Campeches, Tigaiga y Ruiz Malpais Grande Montaña de Agüimes Oronc Pino Santo Rambla de Castro El Remo Siete Lomas Tablado Tafira Tamanca Tenegüime Timijiraque Vallebrón Ventejís | Extremadura | Monte Valcorchero Castañar de Gallego |
| | | Galicia | Penedos de Pasarela e Traba Val do río Navea |
| | | Murcia | Barrancos de Gebas Cabezo Gordo Cuatro Calas Espacios abiertos e islas del Mar Menor Humedal del Ajauque y Rambla Salada Islas e islotes del litoral mediterráneo Sierra de las Moreras |
| | | Navarra | Concejo de Elia Monte de Valdorba Robledales de Ultzama y Basaburua Señorío de Egunati/Eguilbatko Jaurerria |

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Medio Ambiente (<https://www.miteco.gob.es/es/cartografia-y-sig/ide/descargas/biodiversidad/enp.aspx>) [citado 25 marzo 2022]

Figura 4. Espazos naturais protexidos baixo figuras establecidas na Lei 42/2007

| | Número | Superficie (ha) |
|--------------------------|--------|-----------------|
| Parque nacional | 16 | 488.678 |
| Parque natural | 152 | 4.075.116 |
| Reserva natural | 291 | 169.165 |
| Monumento natural | 359 | 89.505 |
| Paisaxe protexida | 61 | 160.762 |

Fonte: adaptado de EUROPARC-España (2021: 26)


5.1 O caso da Ribeira Sacra

A pesar das súas singulares características, descritas no apartado 3.1, a Ribeira Sacra non foi declarada paisaxe protexida. Pola «vía naturalista» a súa protección limitábase a dúas categorías: espazo protexido da Rede Natura 2000 e, moi recentemente (2022), «Reserva da Biosfera».

No primeiro dos casos, nesta área solapáronse diferentes perímetros da Rede Natura 2000 (Figura 5), todos eles cunha extensión moi reducida en comparación coa de «paisaxe cultural», e que mesmo sufriron cambios ao longo dos anos para evitar incluír no seu interior viñedos. Isto, tal como se afirma en Paül, Trillo Santamaría e Vila Lage (2018), evidencia unha clara contradición: «para aproveitarse da paisaxe, máximo entusiasmo; para protexela, esfúmanse as complicidades» (p. 332).

No segundo, foi declarada como Reserva da Biosfera⁷ no ano 2021 (Figura 6). Trátase esta última dunha figura controvertida⁸ que moitos autores non consideran área protexida⁹, pero que para outros, como Gillespie (2007), representa un exemplo perfecto da categoría V da IUCN (paisaxe protexida).

Figura 5. Evolución da Ribeira Sacra como espazo natural protexido



Fonte: Paül, Trillo Santamaría e Vila Lage (2018: 333)

⁷ <https://en.unesco.org/biosphere/eu-na/ribeira-sacra-e-serras-do-oribio-e-courel> [citado 25 marzo 2022]

⁸ Especialmente pola súa aplicación en España (Paül, Vila Lage e Trillo Santamaría, 2022).

⁹ Elimínouse da listaxe de espazos protexidos da IUCN na actualización de 1994.

Figura 6. Reservas da Biosfera do noroeste da Península Ibérica



Fonte: elaboración propia coa base cartográfica do ©IGN

ANEXOS

Anexo 1: Escolma de textos para o seguimento da unidade

1.1 A consideración restritiva da ordenación da paisaxe

Priore (2002)

«En estos textos, el paisaje es considerado como un museo sin porvenir que conviene conservar inmutable. El elemento esencial del paisaje, es decir, el papel de los individuos en relación con su percepción, su variabilidad, su capacidad de evolución, son de hecho completamente ignorados.

Desde el punto de vista de la clasificación jurídica, dada la diversidad de los valores paisajísticos excepcionales (naturales y culturales) a tener en cuenta, el derecho que asegura la protección jurídica de los paisajes considerados como excepcionales ha sido a menudo adscrito al derecho de lugares y monumentos

históricos, con relación al interés cultural del paisaje, o al derecho de protección de la naturaleza, extendido al derecho ambiental, en relación con el interés natural del paisaje.

La adscripción administrativa del paisaje ha seguido de forma natural a la aproximación vinculada a su clasificación jurídica. En la mayor parte de los casos, los ministerios encargados de las cuestiones paisajísticas son los ministerios de medio ambiente. Sin embargo, no es raro constatar que esta responsabilidad ha sido a veces confiada a otros ministerios, tales como los ministerios de agricultura, cultura, obras públicas u ordenación del territorio. Estas diferencias ponen en evidencia que, en la mayor parte de los casos, el paisaje o, mejor dicho, los paisajes que presentan características consideradas como excepcionales, han sido protegidos en función de los elementos que los componen y casi nunca en su conjunto.» (p. 92-93).

1.2 A vía «culturalista»

Fernández Salinas e Silva (2016)

«Patrimonio y patrimonialización implican asignación de valores a determinados bienes, ya sea por parte de un grupo humano que proyecta en ellos su identidad, ya sea por parte de las instituciones (políticas, académicas, etcétera) que les atribuyen cualidades artísticas, simbólicas, conmemorativas, técnicas, etcétera. (Zamora, 2011). El patrimonio se identifica con ciertos elementos de carácter material o inmaterial (una catedral gótica, una formación natural, un oficio tradicional, etcétera), pero, en realidad, el patrimonio no es tanto el elemento en sí como el valor que se le atribuye. Su nuevo paradigma de entendimiento, tutela y gestión debe tener muy en cuenta esa premisa que invierte la realidad del estatuto contemporáneo del patrimonio, posponiendo la materialidad a la idea de esa materialidad y entendiendo el valor patrimonial en el doble carácter identitario (Agudo Torrico, 1997) e institucional (Besse, 2009) que se otorga a algunas expresiones culturales y recreaciones naturales (Beltrán et al., 2008). En términos analíticos, el acento recae en los procesos de patrimonialización (que también pueden ser de despatrimonialización, en tanto que las dinámicas de asignación de valores no son lineales, sino reversibles, y determinados elementos pueden perder interés y desvalorizarse) y en sus resultados, particularmente aquellos relacionados con el uso, la preservación y la gestión sostenible de los bienes patrimoniales (Cruz y Español, 2009).» (p. 132).

Gómez Mendoza (2013)

«La iniciativa se desarrolla en 1992, cuando la UNESCO establece los criterios para la inscripción en la lista del patrimonio de “paisajes culturales” seleccionados por su carácter excepcional entre las obras combinadas de la naturaleza y del hombre de valor sobresaliente desde los puntos de vista histórico, estético, etnológico y/o antropológico. Dotados de fuerte dimensión histórica, estos paisajes ilustran la

evolución de los establecimientos humanos a lo largo del tiempo, sometidos a las constricciones físicas y a las oportunidades presentadas por el ambiente natural y las fuerzas sociales, económicas y culturales, tanto internas como externas (UNESCO, 1992). Se establecen tres grandes categorías de paisajes culturales: los que son claramente concebidos y creados por el hombre, tales como parques y jardines; los paisajes de evolución orgánica, tanto en su forma como en su composición, subdivididos a su vez en aquellos cuya evolución se ha detenido y se han convertido por tanto en reliquias o fósiles frente a los que siguen vivos, y, finalmente, la tercera categoría comprende a los paisajes asociativos, justificados, más que por sus huellas tangibles, por la fuerza de los fenómenos de asociación, ya sean de tipo religioso, artístico o cultural.» (p. 15).

Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural do Patrimonio Mundial (UNESCO, 1972)

«Artículo 1

A los efectos de la presente Convención se considerará “patrimonio cultural”:
los monumentos: obras arquitectónicas, de escultura o de pintura monumentales, elementos o estructuras de carácter arqueológico, inscripciones, cavernas y grupos de elementos, que tengan un valor universal excepcional desde el punto de vista de la historia, del arte o de la ciencia, los conjuntos: grupos de construcciones, aisladas o reunidas, cuya arquitectura, unidad e integración en el paisaje les dé un valor universal excepcional desde el punto de vista de la historia, del arte o de la ciencia, los lugares: obras del hombre u obras conjuntas del hombre y la naturaleza así como las zonas, incluidos los lugares arqueológicos que tengan un valor universal excepcional desde el punto de vista histórico, estético, etnológico o antropológico.

Artículo 2

